



CIRCULAR INFORMATIVA DA MESA COORDINADORA PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O VOTO POR CORREO

Se algunha persoa electora non vai estar presente o día da votación, pode exercer o seu dereito ao voto enviando este a través do correo postal.

PASOS A SEGUIR:

1.- A persoa interesada tería que presentar unha SOLICITUDE nunha oficina de correos **dirixida ao enderezo da mesa coordinadora**, en sobre aberto, para ser datada e selada polo persoal funcionario (quedarse cunha copia) identificándose diante do/a funcionario/a de correos co seu DNI.

Ten o prazo **ATA O DÍA 24 de NOVIEMBRE (INCLUSIVE), pero por ser os prazos moi axustados, prégase a maior antelación posible.**

A dirección de envío é a seguinte:

Mesa Coordinadora Provincial da Coruña
Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, FP e Univ.
R/ Vicente Ferrer, 2-7º. 15008. A Coruña.

2.- A Mesa Coordinadora, unha vez comprobado que a persoa está no centro, enviaralle ao enderezo indicado na solicitude, as papeletas, o sobre de votación e outro sobre de maiores dimensións, que terá o selo oficial da Mesa Coordinadora.

3.- A persoa electora deberá introducir o voto no sobre da votación pechado (o pequeno). Este sobre, á súa vez, no máis grande, xunto coa fotocopia do DNI e remitirao por correo certificado **á mesa electoral parcial onde lle corresponda votar.**

4.- Os sobres de voto por correo recibidos na mesa electoral parcial serán gardados e custodiados polo/a secretario/a da mesa ata o día 1 de decembro, día da votación. Se o voto se recibe unha vez rematada a votación non se computará e deberá ser destruído.

5.- Se a persoa que optase por emitir o voto por correo está presente o día das eleccións e decidise votar persoalmente terá que manifestalo ante a Mesa correspondente. Esta, despois de emitido o voto, procederá a entregarlle o voto efectuado con anterioridade por correo.

6.- A petición do voto por correo tamén poderá ser efectuada en nome do elector/a por persoa debidamente eutorizada, acreditando esta a súa identidade e representación bastante. Normativa: *R.D. 1846/1994 do 9 de setembro (artigo 19).*